



### CONCELLOS

#### COSPEITO

##### Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 28 de marzo de 2022, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

#### 1. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
453	21000	Infraestructuras e bens naturais	30.000,00	23.000,00	53.000,00
		<b>TOTAL</b>	<b>30.000,00</b>	<b>23.000,00</b>	<b>53.000,00</b>

#### 2. Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
161	12100	Abastecemento de agua.- Complemento de destino	6.730,16	6.000,00	730,16
312	13000	Hospitais, servicios asistencias e centros de saúde.- Retribucións básicas	13.780,20	13.000,00	780,20
312.	16000	Hospitais, servicios asistencias e centros de saúde.- Seguridade Social	4.900,00	4.000,00	900,00
		<b>TOTAL</b>	<b>25.410,36</b>	<b>23.000,00</b>	<b>2.410,36</b>

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, exponese ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artículo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivo taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0700

*Anuncio*

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 28 de marzo de 2022, o expediente de crédito extraordinario co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	600	Inversiones en terrenos	0,00	35.000,00	35.000,00
454	61900	Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general.	0,00	16.898,74	16.898,74
		TOTAL		51.898,74	51.898,74

Esta modificación finánciase con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, nos seguintes termos:

**Baixas ou Anulacións en Partidas de Gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito dispoñible	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica					
161	12005	Sueldos del Grupo E	17.152,52	17.152,52	17.152,52	0,00
912	10000	Retribucións básicas	80.175,00	12.824,89	12.824,89	67.350,11
912	16004	Seguridade Social; Cargos adicación exclusiva	23.603,76	4.073,85	4.073,85	19.529,91
920	12004	Sueldos del Grupo C2	18.716,10	18.716,10	17.847,48	868,62
		TOTAL BAIXAS	139.647,38	52.767,36	51.898,74	87.748,64

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, exponse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artículo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivo taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 0701

## GUITIRIZ

### Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de febreiro de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de febreiro de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, que comprende os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de febreiro de 2022, integrado por 24 recibos por importe total de 770,00 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de febreiro de 2022, integrado por 14 recibos por importe total de 3.613,42 €.
- 3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, polos seguintes importes:
  - Modalidade libre concorrencia: 3.105,68 €
  - Modalidade dependencia: 11.030,68 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de outubro de 2021, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2021 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2021, terá lugar dende o día 14/03/2022 ao 14/05/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 15 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0688

## LOURENZÁ

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 17/03/2022, o Presuposto Municipal para o exercicio económico de 2022, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles – que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa – Presidenta desta Corporación.

Lourenzá, 25 de marzo do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0690

## MONDOÑEDO

### Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, emitiu unha Resolución o día 25 de marzo de 2022, co número 2022-0049 que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN ALCALDÍA

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE**

**PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”**

Logo de ver o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 22 de marzo de 2022.

Considerando a figura do/a funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios/as interinos/as aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal. Este é o caso do/a responsable deste programa temporal.

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, que no artigo 47 regula os criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes, considerando financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios, o que ten como finalidade garantir a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais. A Xunta de Galicia garantizará a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios a cada unha das corporacións locais de Galicia, tomando como referencia para cada anualidade os Servizos Sociais Comunitarios financiados, efectivamente prestados e correctamente xustificadas no exercicio inmediatamente anterior. Para estes efectos, e dentro dos conceptos de gasto corrente financiados consonte o artigo 41.5 deste decreto, renovarase cada anualidade, como financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios o correspondente aos gastos derivados dos traballadores e traballadoras sociais que constitúen o persoal técnico das unidades de traballo social de todas as corporacións locais titulares dos servizos.

Visto que con data de rexistro de entrada do 18 de xaneiro de 2022, o Concello de Mondoñedo recibiu da Consellería de Política Social, unha notificación de concesión de subvención para o exercicio 2021 de 2,5 traballadores/as sociais (prórroga de 1,5 traballadores/as sociais que xa tiña concedido e 1 emprego de traballador/a social de nova creación), ao abeiro do Decreto 99/2012 do 11 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento e máis documentación correspondente á xustificación e avaliación do exercicio 2020 de conformidade cos criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, previstos no seu artigo 47 e cos criterios de determinación de posibles variacións do financiamento para estes gastos correntes previstos no artigo 48.

Debido a necesidade de garantir a continuidade, a estabilidade e manter a calidade na prestación de programas e/ou servizos de información e asesoramento, axuda no fogar e inclusión social, é necesario e imprescindible a contratación doutro profesional do traballo social para que realice as funcións que se lle designen nos referidos programas.

O Alcalde asinou unha providencia que incoa o expediente para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”, mediante o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios interinos aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal. Este é o caso do/a responsable deste programa temporal, que realizará a súa labor desde o momento da súa toma de posesión e durante un período temporal de tres anualidades: 1 TRABALLADOR/A SOCIAL a tempo completo, así como unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Avogar a competencia precisa, de xeito puntual, co único obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a de programa (art. 10.1.c do TRLEBEP), a través das BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”. A súa duración será desde o momento da súa toma de posesión e durante un

período temporal de tres anualidades. As titulacións esixidas para este posto serán: Diplomatura ou Grao en Traballo Social.

**Segundo.-** Aprobar as bases que reixerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 25 de marzo de 2022.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, A secretaria interventora, Ruth López Mosquera.

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”**

**PRIMEIRA.—OBJECTO**

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior nomeamento dun/dunha TRABALLADOR/A SOCIAL, a tempo completo, como funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: NOMEAMENTO DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, A TEMPO COMPLETO, PARA APOIO NOS PROGRAMAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, AXUDA NO FOGAR E INCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO”. A súa duración será desde o momento da súa toma de posesión e durante un período temporal de tres anualidades, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 22 de marzo de 2022.

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, que no artigo 47 regula os criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes, considerando financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios, o que ten como finalidade garantir a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais. A Xunta de Galicia garantizará a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios a cada unha das corporacións locais de Galicia, tomando como referencia para cada anualidade os Servizos Sociais Comunitarios financiados, efectivamente prestados e correctamente xustificadas no exercicio inmediatamente anterior. Para estes efectos, e dentro dos conceptos de gasto corrente financiados consonte o artigo 41.5 deste decreto, renovarase cada anualidade, como financiamento básico dos Servizos Sociais Comunitarios o correspondente aos gastos derivados dos traballadores e traballadoras sociais que constitúen o persoal técnico das unidades de traballo social de todas as corporacións locais titulares dos servizos.

Visto que con data de rexistro de entrada do 18 de xaneiro de 2022, o Concello de Mondoñedo recibiu da Consellería de Política Social, unha notificación de concesión de subvención para o exercicio 2021 de 2,5 traballadores/as sociais (prórroga de 1,5 traballadores/as sociais que xa tiña concedido e 1 emprego de traballador/a social de nova creación), ao abeiro do Decreto 99/2012 do 11 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento e máis documentación correspondente á xustificación e avaliación do exercicio 2020 de conformidade cos criterios de renovación do financiamento básico para gastos correntes de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, previstos no seu artigo 47 e cos criterios de determinación de posibles variacións do financiamento para estes gastos correntes previstos no artigo 48.

**As funcións** serán as contempladas no citado Programa Temporal, así como as que encomende o Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue, e entre outras as seguintes:

- Atención individualizada ás persoas coas que se está a traballar.
- Realización dos seguementos bimensuais dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Mondoñedo
- Realización dos Proxectos individualizados e contratos dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Mondoñedo.
- Apoio na avaliación do Programa de Axuda no Fogar.
- Tramitación e realización do programa de alimentos.
- Apoio no programa de información, asesoramento a toda a poboación de Mondoñedo.
- Tramitación e xestión de recursos aos usuarios dos Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo
- Realización de coordinación co resto de profesionais dos servizos sociais do Concello de Mondoñedo.

Traballarase de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio con resarcimento da quilometraxe realizada.

#### **SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Demais disposicións aplicables.

#### **TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL**

1.- MODALIDADE E DURACIÓN: Vista a circunstancia sobrevida “exlege”, por motivo da entrada en vigor do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que entrou en vigor, o 31 de decembro de 2021, na que a súa disposición transitoria cuarta, literalmente di:

**“Disposición transitoria cuarta Régimen transitorio aplicable a los contratos de duración determinada celebrados desde el 31 de diciembre de 2021 hasta el 30 de marzo de 2022**

Los contratos para obra y servicio determinado y los contratos eventuales por circunstancias del mercado, acumulación de tareas o exceso de pedidos, celebrados desde el 31 de diciembre de 2021 hasta el 30 de marzo de 2022, se regirán por la normativa legal o convencional vigente en la fecha en que se han concertado y su duración no podrá ser superior a seis meses.”

Visto polo tanto, que a citada norma, prohíbe a realización do contrato laboral de obra/servizo determinado, é o motivo polo que se debe acudir, neste caso, á figura do/a funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A duración deste posto está vinculada ao programa temporal citado e polo tanto será dende o momento da súa toma de posesión e por un período temporal de tres anualidades

2.- XORNADA DE TRABALLO, será a tempo completo. Traballarase de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

3.- RETRIBUCIÓNS: As retribución serán as correspondentes ao persoal do grupo A, subgrupo A2, Complemento de Destino 16, Complemento Específico 150,00 €.

#### **CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- f) **Titulacións académicas:** Estar en posesión da seguinte titulación: Diplomatura ou Grao en Traballo Social.
- g) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- h) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

#### QUINTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante unha das seguintes opcións:

- a) Correo electrónico dirixido a: [concellomondonedo@gmail.com](mailto:concellomondonedo@gmail.com), indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA O PROGRAMA TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4”, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª.2).
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

#### SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: Tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do Tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría primeira (1ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio.

#### **OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**:

**A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.**

**1.- FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.**

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:



**1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:**

a) Por servizos prestados en calquera administración pública: 0,09 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas: 0,04 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

**1.2.-ACCIÓNS FORMATIVAS**

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.**

**Accións formativas específicas directamente relacionadas co emprego a desenvolver.**

-Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

-Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.

-Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.

-Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.

-Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

**2.- FASE DE OPOSICIÓN: A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.**

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obligatorio e eliminatorio**:

- Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obligatorio e eliminatorio.

- Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos.As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

**PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

**NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada. Se o empate continúa, dirimirase con base nas titulacións académicas complementarias. De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncien ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

**DÉCIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS**

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o nomeamento, nin a toma de posesión, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO DO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o nomeamento a favor da persoa proposta polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

**DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.**

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou na prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO.**

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>). O resto de actos do procedemento publicaranse na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### **DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

#### **DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_,  
nado/a (data nacemento) \_\_\_\_\_ con enderezo a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_, teléfono nº \_\_\_\_\_,  
\_\_\_\_\_, e correo electrónico \_\_\_\_\_.

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de TRABALLADOR/A SOCIAL, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 25 de marzo de 2022.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separada do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2022

(sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

**ANEXO II (TEMARIO)****Materias xerais:**

1. *A Constitución Española do 1978.*
2. *Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.*
3. *O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.*
4. *O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.*
5. *Oorramento das Entidades Locais. Documentos de que consta.*
6. *A provincia. Organización Provincial. Deputacións.*
7. *O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.*
8. *Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
9. *O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.*
10. *Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.*
11. *Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.*
12. *A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.*

**Materias específicas:**

1. *Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*
2. *Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.*
3. *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*
4. *DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*
5. *Orde do 2 de xaneiro de 2012, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*
6. *Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.*
7. *Orde de 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda ao fogar.*
8. *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.*
9. *Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión de Galicia.*
10. *ORDEN de 22 de enero de 2009 por la que se regula el servicio de ayuda a domicilio.*
11. *Regulamento nº 23 de Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Mondoñedo (BOP de Lugo de 8 de abril de 2014).*
12. *Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.*
13. *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*
14. *O servizo de educación e apoio familiar.*
15. *Pensións non contributivas. Modalidade e requisitos.*
16. *Técnicas e instrumentos de traballo social.*
17. *Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para a igualdade de mulleres e homes. Dereitos das mulleres vítima de violencia de xénero.*
18. *Soportes informáticos e instrumentais do traballo social.*
19. *Estrutura do sistema galego de SS.SS. Catálogo de SS.SS. Equipo profesional e funcións.*
20. *Deontoloxía e principios éticos do traballo social.*

21. *Programa de Xantar na Casa*  
22. *Programa de Teleasistencia Domiciliaria*  
23. *Programa de Axuda Humanitaria ás persoas mais desfavorecidas.* ”  
Mondoñedo, 25 de marzo de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0691

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas MARZO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 21.03.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de marzo 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 01.04.2022 ata o 01.06.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 1 de marzo de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0692

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

En base ao especificado no artigo 101.2 da Lei orgánica do poder xudicial, 6/85 de 1 de xullo, ábrese un prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia, para que todas aquelas persoas que, aínda non sendo licenciados en dereito, reunindo as condicións legais e non estean incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade cos artigos 102, 303, 389 e 390 poidan solicitar a praza de xuíz de paz substituto deste termo municipal.

Monterroso, 28 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0702

---

## POL

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía aprobouse a convocatoria e bases de selección de persoal para a provisión dunha praza de PEÓN de mantemento da área deportiva, como persoal laboral temporal, por período de 1 ano, mediante oposición. As bases reguladoras estarán expostas na web do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

---

Pol, 25 de marzo de 2022.- O Alcalde – Lino Rodríguez Ónega

R. 0703

---

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía apróbase a convocatoria e bases de selección de persoal para a provisión dunha praza de PEÓN-CONDUTOR e dúas prazas de PEÓNS de oficios múltiples, como persoal laboral temporal, por período de 8 meses, mediante oposición. As bases reguladoras estarán expostas na web do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 25 de marzo de 2022.- O Alcalde – Lino Rodríguez Ónega.

R. 0704

---

**O SAVIÑO**

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL para o exercicio 2022.**

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviño (Lugo), en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2022, o orzamento municipal para o exercicio 2022, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

O Saviño, 25 de marzo de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0693

---

**MINISTERIO DE FACENDA**

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – RIBADEO**

*Anuncio*

BDNS (Identif.): 617826

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/617826>)

**APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO PARA AS ÁREAS DE REHABILITACION DE RIBADEO E RINLO**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da lei 38/2003, de 17 de novembro, publícase o texto íntegro da convocatoria, cuxo texto íntegro completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>).

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 28 de marzo de 2022, Decreto número 2022-0250, as bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbanas do Casco Histórico de Vila de Ribadeo 14ª fase e do Núcleo de Rinlo 7ª fase, plan Estatal de Vivenda 2018/2021. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, co seguinte tenor literal:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCÍONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE RIBADEO E DO NÚCLEO DE RINLO, PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018/2021. PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL.

En desenvolvemento dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro do 2021, anualidade 2021, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, asinados entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (o IGVS) e o Concello de Ribadeo ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, programa de fomento e da rexeneración e renovación urbana e rural para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no termo municipal e en relación ao papel xestor do Concello de Ribadeo para a execución do Plan, e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestes acordos, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas sitas nas ARRUs existentes.

O financiamento tanto para o ARI de Ribadeo como para o ARI de Rinlo, recollido nos referidos convenios é o seguinte:

AREA DE REXENERACION E RENOVACION URBANA	Nº DE NOVAS ACTUACIONES A SUBVENCIONAR	ACHEGA DO MINISTERIO	ACHEGA DA XUNTA DE GALICIA
RIBADEO	18	153.260,31 €	26.556,23 €
RINLO	8	68.115,69 €	11.802,77 €

**ARTIGO 1. OBXECTO.** Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro do 2021, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios de selección dispostos no artigo 15 da convocatoria.

#### ARTIGO 2. ÁMBITO.

**RIBADEO:**As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa da Área de Rehabilitación elaborada pola empresa IDASA e de conformidade co acordo plenario de 10 de maio de 1.999 e aprobada a dita declaración da área de rehabilitación do casco histórico da vila de Ribadeo delimitado no plano anexo á resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

**RINLO:**As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Núcleo de Rinlo, concello de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa elaborada polo Concello de Ribadeo e aprobada e declarada pola Xunta de Galicia o día 16 de marzo de 2009.

#### ARTIGO 3. BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral das Áreas de rexeneración e renovación urbana das Áreas de Rehabilitación Integral delimitadas pola actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo e no artigo décimo noveno da Resolución do 3 de xuño 2021 do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Non poderán ser beneficiarias deste programa os que se beneficiasen das axudas dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan estatal de vivenda 2018-2021, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario/a das subvencións, os que incorran en:



a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas. b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración. d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias. e) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen. f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes e da facenda local. g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria demais normativa reguladora.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e lexislación concordante. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### ARTIGO 4. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Ademais das recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional. b) Comunicar ao concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda. c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección durante a vixencia da subvención, así como permitirlle ao Concello e/ou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo realizar as inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida. d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello o IGVS. e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade social no momento en que se aboan as subvencións. f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres o poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei. h) As ademais que deriven da Resolución do 3 de agosto de 2018 e do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. i) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado. j) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. k) As demais que deriven da Resolución do 3 de xuño de 2021 do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. l) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases. m) Acreditar con anterioridade á resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. n) Comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais a partir da data da solicitude da subvención.

**ARTIGO 5. CONDICIÓN DOS INMOBLES.**

a) Cumprir coas condicións mínimas de habitabilidade, ou no caso de non cumprilas na actualidade, acadalas coa realización das obras para as cales se solicita a subvención..b) Ter algunha fachada con iluminación e ventilación natural.c) Que estea incluído dentro da “Área de Rehabilitación”.d) Presentar unha organización espacial e unhas características construtivas que garantan a posibilidade de acadar unhas adecuadas condicións de habitabilidade das vivendas de acordo coas condicións mínimas de habitabilidade legalmente establecidas, excepto imposibilidade física certificada polo Concello a través do órgano competente.e) Os edificios deberán contar como mínimo cun 70 % da súa edificabilidade sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda.f) Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade das redes de abastecemento e saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

**ARTIGO 6. ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES.**

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, son actuacións subvencionables:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As actuacións protexibles incluírán, aos efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións que contén con licenza de obra concedida antes da entrada en vigor destas bases, non tendo as actuacións iniciadas con anterioridade á presentación e resolución da solicitude de subvención, e que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

Non se protexerán aquelas partes dos orzamentos das obras cuxa finalidade sexa puramente decorativa ou suntuaria.

**ARTIGO 7. ORZAMENTO PROTEXIDO.**

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións segundo o previsto no artigo 51 do Real Decreto 106/2018, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informe técnicos e certificados necesarios, os gatos derivados da tramitación administrativa, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa derradeira edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e tributos.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 3.000,00 €.

## ARTIGO 8. CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS.

### Axuda Estatal:

A contía máxima das axudas contidas no Real Decreto 106/2018 non poderá exceder de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE).

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Calculo do IPREM: partirase das contías da base impositiva xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondente á declaración ou declaracións presentadas polo solicitante ou por cada uno dos membros da unidade de convivencia, relativa ao último período impositivo co prazo de presentación vencido.

A contía máxima de determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidas a continuación:

1.- Para obras de eficiencia enerxética que obteñan unha redución da demanda de ao menos de 35%:

- Doce mil euros por vivenda (12.000,00 € / vivenda) obxecto de rehabilitación, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía colectiva. No caso de edificios, incrementarase esta contía en 120,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Ademais, poderá incrementarse en 1.000,00 € por vivenda e 10,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

2.- Para as demais obras subvencionables en edificios e vivendas segundo o previsto nos artigos 43 e 51 do R.D. 106/2018 de 9 de marzo:- Oito mil euros por vivenda (8.000,00 € / vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios, incrementarase esta contía en 120,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Ademais, poderá incrementarse en 1.000,00 € por vivenda e 10,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Axuda Autonómica:Ademais poderase obter a seguinte contía adicional no caso de que se cumpran os requisitos do artigo 4, apartado b) desta convocatoria para as axudas autonómicas:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 € / vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

## ARTIGO 9. TRIBUTOS MUNICIPAIS.

As obras non estarán exentas de licenza, pero si poderán acollerse ás bonificacións e deducións previstas na Ordenanza vixente reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por tramitación de licenzas urbanísticas.

Establécense unhas bonificacións respecto do punto anterior do 25, 40 e 55%, en función dos unidade familiar tal e como resulta definida na regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas, de todos os propietarios ou herdeiros da vivenda relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude da subvención, correspondente á declaración presentadas por cada persoa da unidade familiar relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude, tendo en conta como límite de orzamento de execución material para estes cálculos de 21.000,00 €”.

a) Para ingresos inferiores a 1,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 55 %.b) Para ingresos comprendidos entre 1,5 e inferiores a 3,5 veces IPREM a porcentaxe para o cálculo será o 40 %.c) Para ingresos entre 3,5 e inferiores a 6,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 25 %.

## ARTIGO 10. COMPATIBILIDADE.

Segundo o artigo vixésimo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021:

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

De conformidade co artigo 52 de R.D. 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo do Plan estatal 2018-2021.

#### ARTIGO 11. PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de seis meses a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### ARTIGO 12. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

1. Con carácter xeral xunto coa solicitude, ANEXO I, deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

· Se o promotor/a é unha persoa física:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante, e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe. b) Documentación xustificativa da titularidade do edificio ou vivenda, nota simple do rexistro da propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible. c) Ingresos da unidade familiar de todos os propietarios ou herdeiros, relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de de imputacións de I.R.P.F., declaración responsable de ingresos.

· Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

a) CIF da persoa xurídica e DNI do seu representante. b) Documento acreditativo da constitución da sociedade. c) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación.

· Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios, presentará ademais:

a) CIF da Comunidade e do seu Presidente. b) Documento acreditativo da constitución da comunidade. c) Documento acreditativo da representación coa que se actúe. d) Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade). e) Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos. f) Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación.

2. ANEXO II, de ter a condición de beneficiario, no que realizarán as seguintes declaracións:

a) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida. b) Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son certos. c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da lei xeral de subvencións. d) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións. f) Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen. g) Que cumpro e reúno todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario. h) Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios esta declaración deberá ser asinada por todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

3. ANEXO III:

a) Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a

subvención. Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios esta declaración deberá ser asinada por todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

#### 4. CERTIFICACIONES:

a) Certificacións de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de denegar a súa consulta. Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios deberanse achegar tamén as certificacións anteriores da persoa propietaria de cada vivenda integrante da comunidade, no caso de denegar a súa consulta.

#### 5. Documentación das obras e do edificio:

a) Proxecto técnico ou memoria no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto técnico ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar. b) Licenza, comunicación previa e/ou autorización necesarias para a execución das obras. c) No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario aportar o certificado calculado mediante programas informáticos recoñecidos polos Ministerios de Fomento e Enerxía e Turismo e Axencia Dixital (que se atopan no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxéticas dos edificios) do estado previo e xustificar a mellora obtida que deberá ser ao menos unha redución da demanda enerxética anual global do 35%. d) Achegarse copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere os límites económicos do contrato menor de obra ou servizos segundo a lexislación de contratos do sector público.

#### 6. Outra documentación:

a) Para xustificar ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, deberá aportar ingresos da unidade de convivencia residentes, relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de de imputacións de I.R.P.F., declaración responsable de ingresos. b) Certificado de discapacidade dos residentes da vivenda, de selo caso, cando se acometan obras para a mellora da accesibilidade. c) Documento que permita a comprobación de ser maior de 65 anos dos residentes da vivenda, de selo caso, cando se acometan obras para a mellora da accesibilidade. d) Orzamentos que contemplen gastos de xestión conforme ao disposto no artigo 6 destas bases. e) Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

#### ARTIGO 13. AUTORIZACIÓNS.

A presentación da solicitude de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao Concello de Ribadeo para que en calquera momento da tramitación do expediente e ata o remate do mesmo poida:

a) Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, así como a certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite atoparse ao días nas súas obrigas co Concello. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese á autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado. b) Consultar os datos de residencia/empadramento tanto do solicitante da subvención como do resto de membros da unidade de convivencia. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese a autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado.

No suposto de imposibilidade de obter algún documento, o Concello poderá requirir á persoa solicitante a súa achega.

Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, a presentación da solicitude de subvención implica a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

#### ARTIGO 14. AVALIACION DAS SOLICITUDES.

a) Avaliación das solicitudes:

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde e por delegación, a Xunta de Goberno Local. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto.

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentadas as solicitudes, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos a resolver no prazo de 10 días para a súa corrección, de acordo co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para completar ou aclarar a documentación recibida, as solicitudes serán avaliadas por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instrutor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente. VOGAIS: O persoal da Oficina Municipal de Rehabilitación. SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Pola Comisión de Valoración, elaborárase unha proposta de beneficiarios/as seleccionados, así como unha lista de reserva, de selo caso, para a súa resolución polo Órgano competente, denegándose as solicitudes que non cumpran os requisitos.

Toda alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O acordo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

